

No primeiro ciclo quixemos ser moitas cousas e organizamos 4 rincóns de exposicións para amosar o noso traballo:

- Quero emocionarte; con materias para acadar relaxación, luz tenue, sensación pracenteiras, botellas da calma, monstruos para sentir algo de medo e con disfraces para sentir á alegría de disfrazarse (photocall). As risas estiveron garantidas.

- Quero ser feliz; con 4 estacións de xogos de mesa que nos fixeron pasar un rato divertido.

- Quero ser empresario; onde o alumnado xogaba cos cartos, vendendo manualidades feitas por eles mesmos; chapas, cunchas, chaveiros, etc...

- Quero ser responsable; onde explicamos como nos fixemos cargo duns vermes de seda que chegaron as nosas aulas e agora xa son unhas fermosas bolboretas. Tamén amosamos uns labbooks sobre animais que fixemos nos mesmos.

Traballamos moito para amosar as nosas familias todo o que quixemos ser.